

## GUERRA CIVIL (XUÑO 2012)

A partir dos seguintes documentos, elaboraremos unha composición de texto histórico sobre a evolución do bando republicano e do bando sublevado durante a guerra civil en España (1936-1939).

Durante a Segunda República, proclamada o 14 de abril de 1930, alternáronse no poder os gobernos de esquerdas e de dereitas, sendo o da Fronte Popular (1936-1939) o que deu paso ao estoupido da Guerra Civil. Neste goberno o posto de presidente da República residía no nome de Niceto Alcalá Zamora mentres que o de presidente do goberno era ocupado por Manuel Azaña, ambos non foron quen de resolver os problemas ante a situación de inestabilidade e a crecente crispación social (atentados profascistas, folgas de obreiros...). Por iso, Niceto Alcalá Zamora é substituído por Manuel Azaña e o lugar deste pasa a ser ocupado por Casares Quiroga quen tampouco conseguiu calmar a situación. A isto hai que unirle o intento de certos grupos militares, liderados por Sanjurjo, Mola e Franco, de levar a cabo un golpe de Estado aproveitando a situación de desconcerto e como resposta ás medidas feitas polo goberno da Fronte Popular (amnistía para os presos da revolta de 1934, restauración da reforma militar na que desterran ao xeneral Mola a Pamplona e a Franco a Canarias...). O principal problema eran as diversas pretensións dos golpistas: Mola defendía o establecemento dunha ditadura militar republicana, a CEDA intentou establecer unha monarquía afonsina liberal, os requetés (carlistas) unha monarquía tradicional e os falanxistas unha ditadura fascista. O desconcerto do goberno e o apoio de Alemaña e Italia provocaron o desencadeamento do golpe de Estado e o seu fracaso supuxo o inicio da Guerra Civil.

Nesta Guerra formáronse dous bloques, o bando dos sublevados ou de dereitas ou azuis e bando dos republicanos ou de esquerdas ou roxos, coincidentes coa división entre reformistas e antirreformistas. O territorio partiuse tamén en dous espazos: o bando sublevado controla Marrocos-Canarias, Galicia, Castela León, Navarra; Estremadura, Andalucía e Mallorca mentres que o republicano controla: Madrid-Castela A Mancha, Murcia, Comunidade Valenciana, Cataluña, Aragón e País Vasco-Cantabria-Asturias, moi similar ó mapa electoral das eleccións de febreiro de 1936.

Con respecto ao equilibrio teórico de forzas militares, o bando sublevado tiña un maior control do exército e o bando republicano un control maior da mariña e da aviación polo que a Guerra dependeu dos movementos terrestres, especialmente das tropas lexionarias, e da axuda exterior. En relación co dominio de recursos económicos diverxentes, o bando sublevado controlaba as terras de economía agrícola e o bando republicano dominaba os espazos industriais (ao que non chegaban as materias primas). Durante a Guerra resultou clave a falta de abastecemento de recursos alimentarios, que tiveron que sufrir as xentes das urbes industriais e a facilidade do exército sublevado para aprovisionarse cos recursos gandeiros de Galicia e os cereais de Castela-León. Por outra banda, destaca a asinatura dun pacto internacional de "non intervención" no conflito español que Gran Bretaña e Francia respectaron, pero Italia, Alemaña e Portugal non, prestando apoio aos sublevados (Alemaña enviou á lexión Cóndor empregando a táctica do Blitzkrieg, Portugal a un grupo de voluntarios denominados viriatos e Italia a outro, os camisas negras) (DOC.2) e a URSS e as Brigadas Internacionais con brigadistas como Ernest Hemingway e George Orwell axudaron ó goberno republicano. Tamén resalta a dispar fórmula de financiarse xa que o bando sublevado recorre ás compras a crédito do material de guerra e o bando republicano paga a axuda militar coas reservas de ouro do banco de España. Así mesmo, ambos bandos puxeron especial empeño en eliminar a todo disidente ou sospeitoso de pouco entusiasmo coa súa causa, practicando o terror dos "paseos". Finalmente, produciuse un alto custe demográfico debido aos mortos e exiliados e económico, pola enorme destrución de recursos e grande depresión económica de posguerra.

A sublevación militar do 18 de xullo de 1936 provocou, dentro da evolución política da Fronte Popular que por unha banda, os anarquistas da CNT-FAI con certo apoio dos socialistas da UXT (Confederación Nacional de Traballadores- Federación Anarquista Ibérica) aproveitasen para impoñer a creación de xuntas e colectivizar fábricas e terras en Andalucía Oriental ou Valencia entre outros, ademais de actuar violentamente contra o clero (saqueos, incendios, paseos...).

Por outra banda, atopábase a desorientación entre os dirixentes da Fronte Popular, que encontraban dificultades para impoñer as súas decisións e entenderse nas Cortes (en menos de tres meses teñen catro presidentes de goberno). O primeiro destes foi Casares Quiroga quen non conseguiu calmar a hostilidade polo que dimite deixando o cargo a Martínez Barrio, o cal intenta negociar co bando contrario sen éxito. O terceiro foi José Giral en cuxa etapa destaca principalmente a creación das Milicias Armadas e de Comités e xuntas revolucionarias. Finalmente, Largo Caballero, quen resultou ser o único dirixente capaz de controlar a situación mediante a integración no goberno de ministros de moitas tendencias (primeira vez que se inclúen sindicatos), trasladando o goberno de Madrid a Valencia para distancialo da fronte de batalla, continuando a reforma agraria, nacionalizando industrias e compañías ferroviarias, impoñendo o control estatal sobre os bancos... Aínda que destacou principalmente o decreto de militarización das milicias que permitiu a creación dun exército regular. Porén, estas reformas non foron suficientes e prodúcese a Crise de Maio de 1937. Por un lado, os seguidores do PCE (Partido Comunista Español) consideraron que era preciso crear un exército regular e que primeiro había que gañar a guerra e despois facer a revolución aliándose cos pequenos empresarios e campesiños para lograr o máximo de apoio fronte o bando contrario (DOC.5). Ademais, contaban co favor da URSS e dos socialistas. Por outro lado, os seguidores da CNT-FAI e do posteriormente disolto POUM (Partido Obreiro de Unificación Marxista), anarquistas e troskistas, consideraban necesario manter a autonomía das milicias de voluntarios e tomar medidas revolucionarias se se quería gañar a guerra (DOC.4). Asimesmo, defendían que gañar a guerra dependía da rapidez das colectivizacións de terras e de fábricas, posto que daría ós xornaleiros e obreiros algo polo que loitar. Polo que pretendían levar a cabo a revolución xa durante a guerra, mentres que Largo Caballero, presidente do goberno e secretario xeral da UXT (Unión Xeral de Traballadores) cría que primeiro había que gañar a guerra e despois falar de revolución (DOC.3). Esta situación demostra a falta de acordos no bando republicano.

Tras a Crise de Maio, Largo Caballero, rexeitado polos comunistas e incluso por parte dos socialistas, ten que dimitir. Os socialistas agora liderados por Indalecio Prieto (futuro ministro de Defensa) e os comunistas por Santiago Carrillo e Dolores Ibarruri "A Pasionaria" (DOC.1) tratan de fortalecer a República pactando o nomeamento como xefe de goberno do socialista Juan Negrín que toma a decisión de trasladar a sede de Valencia a Barcelona e presenta nun documento a opción de resistencia total á espera do previsible inicio da Segunda Guerra Mundial entre os estados pro-fascistas e pro-democráticos. Pero a marxinação violenta dos anarquistas e troskistas (polos militares comunistas), os fracasos militares no norte do Ebro; a caída de Barcelona; a escaseza de alimentos e os enfrontamentos entre os partidarios de pactar con Franco unha rendición con condicións (Golpe do tenente Casado e Besteiro) e os de manter unha resistencia ata o final (sobre todo en Madrid), determinaron que os republicanos acabaran por admitir unha derrota sen condicións e optar, en grande número, polo exilio.

A evolución política do goberno dos sublevados estivo marcada inicialmente pola creación dunha Xunta de Defensa Nacional que decretou a prohibición dos partidos políticos (só aceptaba ós carlistas e á CEDA), a paralización da Reforma Agraria nas zonas do Alzamento Nacional e a persecución de todos os sospeitosos de ter colaborado coa República; a morte do xeneral Sanjurjo, debido a un amaño, cando pretendía regresar do exilio en Portugal e do xeneral Mola no 1937; e a aposta dos sublevados por Franco, xefe das tropas lexionarias en Marrocos, debido á fama que gañou coa liberación dos sublevados retidos no Alcázar de Toledo, pola súa relación con Hitler, pois era con el con quen negociaba e a que ocupaba o terceiro posto no escalafón.

Franco, á fronte do Alzamento ou Movemento Nacional, para fortalecer ós sublevados e ó seu propio papel de xefe único, tomou certas decisións como: a desaparición da Xunta de Defensa Nacional e establecemento da Xunta Técnica do Estado; dar á sublevación un carácter nacionalista español para atraer ós monárquicos; introducir a idea de Cruzada contra os infieis para atraer ó clero católico (do que obteu o apoio público); unificar a falanxistas e carlistas (Decreto de Unificación de 1937) (DOC.6) e facerse co control de Falanxe Española (tras a morte de José Antonio Primo de Rivera), impoñendo para todos a camisa azul falanxista, a gorra vermella dos requetés carlistas e o saúdo de man en alto dos fascistas, encarcerando ou fusilando ós desconformes, utilizouna como partido único encargado da represión (Viva Falange Española Tradicionalista y de las JONS-Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista); asumir todos os poderes; e obrigar a permanecer no exilio (en Portugal) ó dirixente da CEDA, José María Gil

Robles, ó xefe dos carlistas e ó fillo de Alfonso XIII para contar co apoio dos seus partidarios sen estorbo para poder liderar libremente. En 1938 desaparece a Xunta Técnica do Estado e fórmase o primeiro goberno franquista baixo o control total de Franco ou "O Caudillo" (a imitación do "duce" de Mussolini), que integrou a militares, falanxistas e tradicionalistas. Era un goberno de imitación dos fascistas italianos e dos nazis alemáns, que pasou a dirixir o Alzamento. Os sublevados foron gobernando a base de decretos militares: a aprobación do Foro do Traballo, a derogación das reformas agraria e militar; a depuración de funcionarios e profesores; a abolición das leis educativas, do sufraxio e do divorcio, o restablecemento dos intereses do clero na educación e na cultura; o restablecemento da censura na prensa e na imprenta; a Lei de Responsabilidades Políticas para perseguir e castigar aos republicanos e aos seus partidarios e o mantemento da unidade nos territorios controlados gracias ó liderado único (Franco), ó partido único (Falanxe) e ó férreo control ideolóxico (clero).

Nun breve resumo do conflito, a situación comeza co traslado dos sublevados á Península, os cales aplican a táctica de guerra de columnas para tentar tomar Madrid. Lograron avanzar rápido cara o norleste de Andalucía pero ao ser bloqueados polos republicanos no Paso de Despeñaperros diríxense ao Noroeste a través das terras extremeñas e toledanas (Alcázar de Toledo). Non obstante, non toman Madrid debido á resistencia republicana apoiada polas brigadas internacionais e os anarcasindicalistas de Barcelona dirixidos por Durruti. Ante esta situación prodúcese o cambio de Goberno a Valencia.

Por outra banda, os intentos de conquistar Madrid provocan cambios en ambos bandos ao regularizar os exércitos e integrar os milicianos na disciplina militar. Mentres o vive a crise de maio de 1937 nesta etapa, os sublevados establecen o Decreto de Unificación de 1937. Ademais, tras os fracasados intentos de illar Madrid (batalla do Jarama e a de Guadalajara) os sublevados aproveitáronse da conxuntura que abarcaba o Norte peninsular para controlar o País Vasco, Cantabria e Asturias. Isto debeuse á desorganización dos mandos militares republicanos, ao pánico provocado polo bombardeo na cidade de Guernica (retratado no famoso cadro de Picasso e que tiña un valor simbólico para o nacionalismo vasco) realizado pola aviación alemana, e as dúbidas dos nacionalistas vascos do PNV entre manterse fieis á República ou pactar con Franco. Deste xeito, atendendo ás dificultades e á proximidade dos sublevados cara ao Mediterráneo, Manuel Azaña trasladou de novo o Goberno cara Barcelona.

Seguidamente, mentres que os republicanos non se poñen de acordo na súa estratexia, os sublevados non dubidan en acatar a idea de Franco de desconectar Cataluña de Valencia-Madrid, e tras o control de Teruel, chegan ao Mediterráneo dominando a Comunidade Valenciana tras vencer na sanguenta batalla de catro meses do Ebro. Como consecuencia, os sublevados logran o control sobre Cataluña provocando o exilio de Manuel Azaña e numerosos republicanos. Finalmente, a última estratexia dos republicanos será a resistencia total pero tras a dimisión de Azaña e o recoñecemento do Goberno de Franco por parte de Gran Bretaña e Francia unicamente queda o fracaso intento de rendición con condicións (Besteiro e Casado). Ante esta situación, Franco controla Madrid definitivamente o 1/04/39 impondo a "vitoria" militar do Alzamento Nacional (DOC.7).

A guerra provocou consecuencias na política externa e interna. Na política interna ocasionou a existencia dunha dualidade de gobernos durante o transcurso da guerra; a imposición dunha ditadura militar que fixo desaparecer todas as liberdades e que instaurou a "Lei de Responsabilidades políticas" (que facilitaba o encarceramento ou recrutamento en campos de concentración de traballos forzados de aqueles afíns á República), o que fai que en 1945 aínda estean no cárcere 100.000 persoas; a abolición das reformas establecidas no Bienio Reformista; a depuración de funcionarios e profesorado debido ao restablecemento dos privilexios da Igrexa Católica (monopolio na educación) e a imposición dun integrismo católico ou nacional-catolicismo; a decadencia cultural e artística provocada principalmente polo exilio de intelectuais e a forte censura que condicionaba a liberdade de expresión así como polos asaltos e bombardeos sobre obras artísticas.

En canto ás consecuencias na política exterior a guerra supuxo o fracaso da Fronte Popular, Gran Bretaña, Francia e a URSS e un éxito para Alemaña (Hitler), Italia (Mussolini) e Portugal (Salazar). Ademais, Franco comprometeu a España cos réximes fascistas e enfrontouna cos democráticos.

A guerra tivo especiais consecuencias demográficas e económicas. Entre as demográficas están os movementos de poboación por intentar escapar á represión indiscriminada ao comezo: no espazo republicano practicábanse “paseos” de sospeitosos de posible colaboración cos sublevados (de especial dureza foi a persecución de eclesiásticos, o asasinato de presos de cárceres clandestinas ou checas de Madrid ou Barcelona e o asasinato masivo de presos políticos en Paracuellos do Xarama, simultáneo ó traslado do goberno a Valencia). No espazo sublevado o exército decretou leis para a cobertura das execucións (tras xuízos sumarísimos, numerosas personalidades afíns á República eran executadas) e favoreceu os famosos “paseos”.

Ó longo da guerra continuaron os movementos de poboación. Na zona republicana o goberno logrou controlar ós milicianos e reducir os paseos, pero moitos nenos foron enviados fóra de España para protexelos da guerra (“nenos da guerra”) e houbo unha represión dos procomunistas sobre os milicianos anarquistas e troskistas. Na zona sublevada nos espazos arrebatados ós republicanos existiu unha forte represión que favoreceu as fuxidas (Masacre de Badajoz).

Ó remate da guerra, moitos vencidos tiveron que exiliarse (Francia, URSS, Latinoamérica) mentres que outros apostaron pola loita contra o franquismo alistándose no exército francés ou integrándose nos maquis da resistencia contra a ocupación nazi. No interior de España, un enorme número de persoas entraron no cárcere e en campos de concentración de traballos forzados e moitos outros permaneceron anos agochados nas súas casas ou fuxidos polos montes.

Aínda que as cifras son confusas, podemos falar de máis de 500.000 vítimas durante a guerra máis as cifras dos exiliados (moitos voltan tras a instauración da democracia) e os executados na posguerra. Ademais, mentres que os paseados polos republicanos foron devoltos ás súas familias para ser enterrados con dignidade, os paseados polos sublevados permanecen na súa maioría aínda hoxe desaparecidos. Actualmente, España é o segundo país detrás de Camboia co maior número de desaparecidos.

Por último, a Guerra paralizou o proceso de crecemento económico de España que impediu que se puxese ao nivel doutros países (tardouse 20 anos en acadar o nivel produtivo anterior a 1936) debido á dificultade de tomar decisións eficaces contras os efectos da crise de 1929, á destrución de recursos (infraestruturas, produción agraria...) e á ruína da Facenda Pública debido á carestía do conflito e o impedimento do cobro de impostos.

Galicia sempre foi un dos bastións principais de apoio a Franco pola influencia do clero e a estrutura económica que presentaba, os minifundios, xa que os pequenos e medianos terratenentes foron un gran apoio para o réxime. Así mesmo, gozaba dunha importante industria agropecuaria que foi moi útil durante a Guerra.

En conclusión, o establecemento do sistema franquista supuxo unha ruptura con todas as melloras acadadas ata ese momento (liberdades, melloras sociais...) comezando así a longa noite de pedra da que falaba Celso Emilio Ferreiro, a cal durou máis de corenta anos.